




Unha alborada nova. Bernardo García Cendán

Marisa Vidal Collazo, Baldomero Iglesias Dobarrio
Rubén Aramburu Molet (Eds.)



Encrucillada MONOGRAFÍAS

BERNARDO: UN CRISTIÁN LIBRE E COHERENTE

por Xesús Mato e Mato

Souben da calidade de vida e capacidade de traballo de Bernardo nos tempos do seu labor pastoral como crego na parroquia da Nosa Señora do Socorro do Ferrol. Seguín a súa traxectoria naquelas renovadoras e ben elaboradas carpetas de *Boa Nova* en colaboración co equipo de cregos nas décadas (anos 70/80) despois do Vaticano II e o Pastoral de Galiza. Foi o inicio e o modelo a seguir no labor da aplicación real das ensinanzas dos Concilios que se ía notar nun xeito novo de catequese e de celebracións litúrxicas coa participación activa dos fieis e outro xeito de vivir a fe nas nosas parroquias.

Cando naceron *Irimia* e *Encrucillada* (revistas galegas de pensamento cristian), alí estaba nas mesas de redacción e arrimando o lombo o tranquilo, observador e xeneroso Bernardo (membro co/fundador) axudando a impulsar todo proxecto innovador que enriquecese a vivencia e crecemento dunha fe adulta e responsable entre os milleiros de galegos dispostos a tomar a súa vida (e a dos demais) en serio. A vida do común e a da fe. Inseparables. Fe/galeguidade. Deus/Pobo. Encarnación na vida coas súas circunstancias particulares. Compromiso que Bernardo asume e ao que ía ser fiel toda a súa vida.

A súa dedicación e entrega ao servizo dos demais foi o seu lema. Antes e despois da súa difícil pero ben madurada decisión de seguir coa misión docente no mundo dos xoves na Universidade, que desenvolveu con certo arrecendo apostólico, non disimulado pero ben fundamentado no seu saber teolóxico/filosófico e sociolóxico non só para a súa nova vida académica, como catedrático de socioloxía na USC no campus de Lugo, senón tamén para o seu amplio labor, sempre altruista e desinteresado, nos diversos ambientes intelectuais, sociais, culturais e mesmo artísticos e musicais na cidade amurallada de Lugo que o acolleu con todas as súas

portas e ventás abertas.

Bernardo sementou e espallou ciencia, bondade, sabedoría (con algo de retranca galaica) e un xeito de vida exemplar de reflexión persoal e acollida e entrega, sempre compartidas. Non lle gustaba estar só, unicamente á hora de traballar as clases ou preparar material para os medios e/ou revistas. Precisaba de compañía para dar e recibir, escoitar e falar. Son testemuñas os veciños do Ferrol cando se enleou cos traballos pastorais renovadores na súa primeira e única parroquia e no traballo a prol do problema da drogadicción que continuaría en Lugo coa súa colaboración no campo benéfico/social (Caritas, Auxilia, Aliad, Mundo Xitano, Preescolar na casa, etc...), no cultural, ao través da varias asociacións e desde a gran plataforma dos medios de comunicación social (Prensa, Radio, TV,...), desde onde soubo formar, motivar e mobilizar a sociedade. Era frecuente a súa participación en conferencias, mesas redondas e profundas reflexións con temas de opinión e de actualidade pondo o seu saber non só na súa especialidade, senón en todos os eidos socio/políticos e, sobre todo, de tipo socio/relixioso. A súa opinión sempre ía avalada pola súa sabedoría e coñecementos. Bernardo foi un referente non só para os seus alumnos senón tamén para unha boa parte da sociedade lucense, pola súa capacidade de escoita, polo seu saber e a súa convincente claridade e sinceridade. Gustaba da súa pertenza á esperanzada e esperanzadora xeración do maio francés (68) na que *todo era posible, se se intentaba*. Pegáraselle á súa vocación de sociólogo a psicoloxía innata vilalbesa de estudar as persoas por dentro e por fóra. Pensaba en axudar a mudar as cousas e mesmo a sociedade, cada vez máis despistada e desnortada. Sufría tamén pola pasividade de parte da xerarquía da nosa Igrexa e polo rumbo que está a seguir nestes momentos tan cruciais da Humanidade. Sei que lle producía sufrimento, que non disimulaba. A súa sensibilidade e coherencia brotaba espontánea. Por todo iso, unido a un carácter normalmente sereno, afable e acolledor deixou a súa fonda pegada en moitos sectores da sociedade lucense, coa que pasou a maior parte da súa vida e que eu tiven a sorte de compartir de forma moi directa, profunda e íntima. Sobre todo, nos últimos anos (e días) da súa presenza física entre nós.

Unha grazá de Deus, que non souben valorar como debería. Perante anos, compartimos xantar semanal con outros amigos (coma el filósofos e teólogos) onde nos íamos pondo ao día sobre temas fundamentais como era o rumbo da Sociedade e mesmo o da Igrexa. As súas análises da situación eran profundas e certeiras. Vivía en profundidade o tema da Fe e da Igrexa. Nelas xuntanzas naceu a idea de xuntármonos un grupo de cregos cun algúns teólogos galegos de sona para organizar xornadas informais de tres días, que durante unha ducia de anos fomos quen de manter nas Zonas da Montaña Lucense. O Alto do Poio (Pedrafita do Cebreiro) foi o lugar de encontro e desde esa atalaia, cada ano, as rotas fóreronse ampliando a Os Ancares, Cervantes, O Caurel, A Fonsagrada, Navia, Quiroga e á Ribeira Sacra. Á sombra de Andrés Torres Queiruga e o entrañable amigo Xulio Lois (falecido hai pouco), un grupo de cregos da diocese de Lugo, xunto con Bernardo, tivemos a sorte de reflexionar, profundar e repensar a nosa teoloxía aló “*polos altos cumes desde onde un se dá conta do pouco que é un home*” (*Os Eidos*, de Uxío Novoneira, o poeta do Caurel).

“Xa era hora, home!”, díxome con certo reproche agarimoso e unha mirada que amosaba moito amor e confianza, uns días antes do seu pasamento. Sabía, era consciente de que chegara *a súa hora*. Respiraba serenidade e paz. Nunca me esquecerei do feito. Quizás foi unha chamada consciente do momento que estaba a vivir e precisaba dos amigos. Así o interpretamos os que fomos seus amigos neste mundo. Foi un especial don de Deus vivir tantos momentos da miña vida con amigo tan próximo, familiar, entrañable, sinxelo, humilde, directo e retranqueiro, comprensivo, bo e xeneroso, que soubo escouitar e animar a moitas persoas. Entre outras, a min. Acompañou a súa nai mentres foi capaz.

Este crego, mestre e profesor, músico, poeta, escritor... e soñador... padecía do corazón físico pero doíanlle moito más as feridas das inxustizas desta sociedade desigual, inxusta e opresora que el tentou de axudar a mudar coa súa propia vida desde a liberdade e a gratuidade como lei da súa vida. Na liña do Evanxeo de Xesús a Quen quixo e tentou de seguir con coherencia e fidelidade. Deus é SEMPRE fiel. Lémbrate de nós, amigo Bernardo, e mándanos unha miguiña de fe e de

esperanza, que ti xa non precisas porque vives na plenitude do Amor.
Grazas, amigo. Lémbrate de todos nós!

Xesús Mato e Mato